

# Guía da proba de inglés para as persoas candidatas á bolsa ERASMUS+

Curso 2024- 2025

## INTRODUCCIÓN

O presente documento contén a descrición da proba de nivel para os estudantes que se presenten a bolsas ERASMUS no ámbito educativo da FP no IES Ricardo Mella e ten a finalidade de facilitar información sobre a estrutura e o contido da proba.

A proba ten como nivel de referencia o **B1 do MECRL** (Marco Europeo Común de Referencia das Linguas), mais cabe destacar que esta proba NON certifica un nivel de lingua, soamente fixa un nivel de acceso para optar a unha bolsa ERASMUS no exterior.

## REQUISITOS PARA PRESENTARSE AS PROBAS:

- Ser maior de 16 anos
- Estar matriculado no IES Ricardo Mella
- Efectuar a solicitude de realización da proba dentro dos prazos establecidos.

## DEREITOS DOS CANDIDATOS

É posible a adaptación da proba as necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva acreditada coa debida antelación..

## NORMAS A SEGUIR POLAS PERSOAS CANDIDATAS

1. Ser puntuais e presentarse na aula onde se celebra a proba á hora indicada. So poderán entrar ata 5 minutos despois da hora de comezo.
2. Identificarse convenientemente con un documento acreditativo da identidade (DNI, pasaporte, carné de conducir, etc.)
3. Para a primeira parte da proba, traer auriculares e móbil coa app instalada, datos e batería.

## CALENDARIO

- **Venres 11 de outubro, 11.25:** reunión informativa no ximnasio para explicar como é a proba. A reunión non é obrigatoria.
- **Martes 15 de outubro, 17:00:** primeira parte da proba (app) na aula A211.
- **Martes 22 de out., 17:00:** segunda parte da proba (oral) na aula A211.

## DEFINICIÓN DO NIVEL

O nivel B1 do MCERL adquirese ao ser quen de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar se tratan sobre cuestións coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de ocio; ao saber desenvolverse na maior parte das situacións que poidan xurdir durante unha viaxe por zonas onde se utiliza a lingua; ao ser quen de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas familiares ou nos que ten un interese persoal e cando se poden describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente opinións ou explicar plans.

## ESTRUTURA DA PROBA DE NIVEL

DESTREZAS – SKILLS		PUNTOS
GRAMMAR & VOCABULARY	48 questions	<600 PUNTOS
COMPRESIÓN ORAL (listening)	12 questions	
COMPRESIÓN LECTORA	12 questions	
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	<10 MINUTES	<400 PUNTOS
<b>TOTAL</b>		<b>1000 PUNTOS</b>

A proba desenvólvese en dúas sesións.

### 1ª. Sesión:

Consistirá en exercicios de comprensión oral (listening), comprensión escrita (reading), gramática e vocabulario. A duración aproximada será de 40 minutos. A proba realizarase coa **app EnglishScore**, do British Council (ver Anexo II: English Score).

### 2ª. Sesión

Proba de expresión e interacción oral, cunha duración aproximada de 10 minutos por parella de candidatos.

## RESULTADOS

Os resultados das probas publicaranse no taboleiro do departamento de inglés (no corredor, a carón da aula A211).

A cualificación final das probas indicará o nivel dentro do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas segundo a seguinte táboa:

- 0 – 279 puntos: A1
- 280 – 459 puntos: A2
- 460 – 639 puntos: B1
- 640 – 819 puntos: B2
- 820 – 1000 puntos: C1

## TEMAS:

Os temas sobre os que se basearán as distintas tarefas da proba poderán ser:

**IDENTIFICACIÓN PERSOAL:** Información sobre o traballo. Linguas estranxeiras. Relixión. VIVENDA, **FOGAR E CONTORNA:** Tipos de vivenda. Descrición da vivenda. Localización da casa(periferia, barrio, medio rural, etc.).

**TRABALLO E PROFESIÓN:** Actividade profesional. Organización do traballo (lugar, cargo, horario, etc.). Condicións de traballo.

**TEMPO LIBRE E ACTUALIDADE:** Descrición das actividades de lecer e culturais (localidades e instrumentos usados para actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc.). Acontecementos do momento.

**VIAXES E TRANSPORTES:** Entrada e saída dun país. Comunicación con empregados de locais para aloxamento. Planificación das vacacións. Viaxes ligadas ao turismo (axencias de viaxes, monumentos, etc.).



**RELACIONES HUMANAS E SOCIAIS:** Tipos e formas de relación social (levarse ben, levarse mal, conflitos, etc.).

Formas de tratamento. Asociacións.

**SAÚDE E COIDADOS FÍSICOS:** Posición do corpo e movementos. Sensacións e percepcións físicas. Especialidades médicas. Servizos de saúde. Accidentes e lesións. Síntomas de enfermidades. Adicións e drogas.

**EDUCACIÓN:** Actividades escolares. Nomes de materias. Títulos e diplomas. Servizos de educación (matrícula, inscrición, bolsas, etc.). Exames.

**COMPRAS E ACTIVIDADES COMERCIAIS:** Relacións co persoal comercial. Compra de alimentos.

**ALIMENTACIÓN:** Convites e brindes. Comer fóra. Características das comidas e das bebidas. Relacións co persoal de hostalaría. Preparación de comidas e de bebidas. Produtos alimentarios.

**BENS E SERVIZOS:** Policía. Automóbil (reparación, asistencia na estrada, etc.). Gasolineira e alugueiro de coches.

**CLIMA, CONDICIÓN ATMOSFÉRICAS E AMBIENTE:** Cualificativos para o ambiente. Partes da cidade. Flora e fauna. Problemas ambientais.

**CIENCIA E TECNOLOXÍA:** Instrucións de aparellos de uso cotián. Tecnoloxías da información e da comunicación.

## TIPOS DE TEXTOS

Empregaranse textos adaptados as características e obxectivos dos exercicios.

POSIBLES TEXTOS ORAIS	POSIBLES TEXTOS ESCRITOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instrucións e indicacións detalladas</li> <li>• Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios na prensa.</li> <li>• Conversas cara a cara e en grupo</li> <li>• Reunións de traballo</li> <li>• Debates</li> <li>• Discusións formais</li> <li>• Entrevistas: de traballo, académicas, medicas, etc.</li> <li>• Enquisas.</li> <li>• Textos audiovisuais: películas, programas de TV, radio, telexornais, documentais, material gravado.</li> <li>• Conferencias, presentacións e declaracións públicas.</li> <li>• Representacións teatrais</li> <li>• Conversas telefónicas e mensaxes en buzóns de voz</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) e anuncios por palabras</li> <li>• Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedimentos, telefax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.)</li> <li>• Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)</li> <li>• Informes</li> <li>• Resumos e esquemas</li> <li>• Apuntamentos</li> <li>• Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)</li> <li>• Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)</li> <li>• Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios)</li> <li>• Manuais de instrucións</li> <li>• Guións</li> <li>• Currículos</li> <li>• Dicionarios</li> <li>• Prospectos</li> <li>• Receitas de cociña</li> <li>• Adiviñas</li> <li>• Biografía</li> </ul>



## CARACTERÍSTICAS E APARTADOS DA PROBA.

<b>COMPRESIÓN LECTORA (Reading)</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información global e ideas principais.</li> <li>• Comprender información detallada.</li> <li>• Comprender información de forma selectiva.</li> <li>• Comprender información implícita e explícita.</li> <li>• Comprender opinións, actitudes, desexos e sentimentos</li> </ul>
<b>POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple</li> <li>• Encher ocios</li> <li>• Reordenar oracións</li> <li>• Escoller un título</li> <li>• Contestar preguntas de comprensión</li> </ul>	

<b>COMPRESIÓN ORAL (Listening)</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información global e ideas principais.</li> <li>• Comprender información detallada.</li> <li>• Comprender información de forma selectiva.</li> <li>• Comprender información implícita e explícita.</li> <li>• Comprender opinións e actitudes.</li> <li>• Ordenar e discriminar información.</li> </ul>
<b>NÚMERO DE EXERCICIOS:</b> entre 2 e 4	
<b>POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contestar preguntas de resposta breve.</li> <li>• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas.</li> <li>• Contestar preguntas de opción múltipla (a, b, c) cunha soa resposta correcta.</li> </ul>	

**EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL (Speaking)****OBXECTIVOS**

- Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións.
- Narrar sucesos e acontecementos.
- Realizar propostas.
- Explicar proxectos ou plans.
- Expresar e xustificar puntos de vista e opinións.
- Mostrar acordo e desacordo.
- Intercambiar información, cooperar e negociar para chegar a un consenso.
- Responder/formular preguntas e propoñer solucións.
- Recapitular e reformular información.
- Iniciar, manter e concluír a exposición dun tema.
- Tomar e ceder a quenda de palabra.

**NÚMERO DE EXERCICIOS: 2****DESCRIPCIÓN DA PROBA**

**A proba realizarase por parellas ou tríos e constará das seguintes fases:**

**Exercicio 1:** Entrevista individual ás persoas candidatas, que deben contestar as preguntas dos docentes sobre eles mesmos, por que queren o Erasmus, que queren facer no futuro...

**Exercicio 2:** Diálogo entre as persoas candidatas sobre unha situación comunicativa da vida cotiá.

- Lectura das instrucións do exercicio: 2 minutos.
- Diálogo: 2-4 minutos por parella (3-6 en caso de trío).

**AVALIACIÓN**

Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios (ver rúbrica no Anexo I):

**EFICACIA E ADECUACIÓN**

Refírese:

- ao cumprimento da tarefa, é dicir, ao desenvolvemento de todos os puntos citados nela.
- á relevancia do contido.
- á capacidade de colaborar e interactuar na fase de diálogo.
- ao uso dun rexistro e entoación axeitados ao contexto comunicativo. ao respecto ao tempo estipulado.

**FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN**

Refírese:

- Á duración e á frecuencia das pausas.
- Á intelixibilidade do discurso.
- Á variación na entoación.

**CORRECCIÓN**

Refírese ao grao de corrección gramatical, léxica, de pronunciación e á entoación.

**RIQUEZA**

Refírese á variedade e precisión do léxico e das estruturas utilizadas.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**I.E.S. RICARDO MELLA**

Estrada Vella Madrid 177 – 36214 Vigo. Pontevedra.

Teléfono: 886121100 – Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo Electrónico: [ies.ricardo.mella@edu.xunta.es](mailto:ies.ricardo.mella@edu.xunta.es)



FONDO SOCIAL  
EUROPEO

**Departamento**

**de**

**Inglés**

## **ANEXO 1: RÚBRICAS DE AVALIACIÓN**

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

<b>NOME:</b>	<b>PUNTUACIÓN:</b> /400
<b>Avaliador/a:</b>	<b>DATA:</b>

EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN		FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
TAREFA 1: individual	TAREFA 2: diálogo			
<b>50 puntos</b> Trata os puntos con contido axeitado. Describe ou narra de forma detallada. Expresa opinións de forma clara e comprensible. Enlaza as ideas con estruturas variadas.	<b>50 puntos</b> O rexistro é adecuado. Trata os puntos con contido axeitado. Expresa opinións e intercambia información relevante. Consegue iniciar, manter e rematar a conversa sen dificultade. Usa case sen esforzo a quenda de palabra e as estratexias de colaboración. O rexistro é adecuado.	<b>50 puntos</b> O discurso é continuo a pesar das pausas ocasionais. A pronuncia é intelixible. A entoación presenta influencia da L1.	<b>50 puntos</b> Emprega unha variedade de estruturas morfosintácticas de uso habitual. Compréndese a pesar dos erros.	<b>50 puntos</b> Emprega un repertorio léxico variado sobre temas habituais. Usa léxico referido a situacións habituais con corrección.
<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>
<b>30 puntos</b> Trata parcialmente os puntos con contido axeitado. Describe ou narra de forma lineal e sinxela. Expresa as súas opinións de forma comprensible. Enlaza as ideas con estruturas sinxelas. O rexistro é adecuado.	<b>30 puntos</b> Trata parcialmente os puntos con contido axeitado. Expresa opinións e intercambia información de formasinxela. Consegue iniciar, manter e rematar a conversa. Usa a quenda de palabra e as estratexias de colaboración. O rexistro é adecuado case sempre.	<b>30 puntos</b> As pausas son evidentes e, ás veces, interfieren na continuidade do discurso. A pronuncia é, en xeral, intelixible. A entoación presenta clara influencia da L1.	<b>30 puntos</b> Emprega estruturas morfosintácticas de uso habitual. Presenta erros que, ás veces, impiden a comprensión.	<b>30 puntos</b> Emprega léxico suficiente sobre temas habituais. Usa léxico referido a situacións habituais con razoable corrección.
<b>20 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>20 puntos</b>
<b>10 puntos</b> Non trata os puntos. Describe ou narra de forma breve e básica. Expresa as ideas de forma incomprensible. O rexistro é inadecuado.	<b>10 puntos</b> Non trata os puntos. Expresa as ideas de forma incomprensible. Mostra pouca habilidade para usar a quenda de palabra e as estratexias de colaboración. O rexistro é inadecuado.	<b>10 puntos</b> As pausas son frecuentes, interfieren no discurso e impiden a comprensión. A pronuncia impide a comprensión. Non varía a entoación.	<b>10 puntos</b> Emprega un repertorio moi limitado de estruturas morfosintácticas de uso habitual. Os erros son frecuentes e impiden a comprensión.	<b>10 puntos</b> Usa léxico sobre temas habituais insuficiente ou incorrecto que impide a comprensión.
<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.
<b>Tarefa 1: _____/50</b>	<b>Tarefa 2: _____/50</b>	<b>Tarefa 1: _____/50</b> <b>Tarefa 2: _____/50</b>	<b>Tarefa 1: _____/50</b> <b>Tarefa 2: _____/50</b>	<b>Tarefa 1: _____/50</b> <b>Tarefa 2: _____/50</b>

## **ANEXO 2: ENGLISH SCORE**





Erasmus +

# English Test Proba de acreditación

O estudantado que non estea en posesión dunha certificación de idiomas debe presentarse a unha proba de nivel no IES.

**A proba consta de 2 partes:**

## Parte 1: vocabulario, gramática, comprensión oral e escrita

Esta parte faremola coa app [EnglishScore](#), do British Council, que podes descargar nestas ligazóns:



Google App Store



Apple App Store

Tes **dúas opcións**:

- facer a proba pola túa conta, en casa, e pagar un certificado (**Professional Certificate - €23.99**) que deberás traer o día da proba oral;
- facer a proba presencialmente e gratuitamente o mesmo día do oral. Neste caso, lembra traer un móbil coa **app** instalada, **datos**, **auriculares** e a **batería** ben chea.

## Parte 2: expresión oral

En parellas / tríos, contestarás ás preguntas que che fagan os docentes e, posteriormente, farás un roleplay no que debes poñerte de acordo cos compañeiros para tomar unha decisión.

### DATAS

**1ª PARTE DA PROBA: martes 15 de outubro**  
**2ª PARTE DA PROBA (ORAL): martes 22 de outubro**